

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

3375 *ORDE APA/482/2006, do 24 de febreiro, pola que se modifica o anexo II do Real decreto 1780/2004, do 30 de xullo, sobre o desenvolvemento e seguimento das campañas de determinados cítricos enviados á transformación. («BOE» 48, do 25-2-2006.)*

O Regulamento (CE) n.º 2111/2003 da Comisión, do 1 de decembro de 2003, relativo ás disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 2202/96 do Consello, polo que se establece un réxime de axuda aos produtores de determinados cítricos, no seu artigo 5.1 dispón que os transformadores de laranxas doces, mandarinas, clementinas, satsumas, limóns, toranxas e pomelos que desexen participar por primeira vez no réxime de axudas, presentarán unha solicitude ás autoridades competentes do Estado membro en que estean situadas as súas fábricas de transformación especificando, en particular, a capacidade de transformación por hora de cada unidade de transformación.

O artigo 5.2 do Regulamento (CE) n.º 2111/2003 da Comisión, do 1 de decembro de 2003, dispón que os Estados membros que teñan un limiar nacional establecerán as condicións para a autorización dos transformadores e deberán notificarlas á Comisión. As devanditas condicións deberán asegurar que os transformadores teñan a capacidade de levar a cabo as operacións necesarias. No seu segundo parágrafo establécese que os Estados membros publicarán, para cada produto, unha lista dos transformadores autorizados e das súas fábricas de transformación, polo menos un mes antes do comezo da campaña.

España desenvolveu as condicións para a autorización dos transformadores de acordo co artigo 5.2 do Regulamento (CE) n.º 2111/2003, da Comisión do 1 de decembro de 2003, mediante o Real decreto 1780/2004, do 30 de xullo, sobre o desenvolvemento e seguimento das campañas de determinados cítricos enviados á transformación. No seu artigo 3.1 fíxase o 14 de agosto como data límite para que os transformadores que desexen participar por primeira vez no réxime de axudas presenten unha solicitude á autoridade competente.

No artigo 3.2 do Real decreto 1780/2004, do 30 de xullo, dispónse que os transformadores, na súa solicitude, deberán achegar unha serie de datos que figuran no anexo I deste e, tamén, a dita solicitude deberá ir acompañada da xustificación da capacidade de transformación por hora do produto. A devandita capacidade será acreditada cos datos que, polo menos, figuran no anexo II do citado real decreto e que implica a comprobación e certificación pola autoridade competente da existencia da liña de transformación de cítricos e as súas respectivas capacidades de transformación.

Na disposición derradeira segunda, punto 1 do Real decreto 1780/2004, do 30 de xullo, facúltase o ministro de

Agricultura, Pesca e Alimentación para adoptar, no ámbito das súas competencias, as medidas necesarias para desenvolver o devandito real decreto e para a modificación dos seus anexos ou para a inclusión doutros novos que recollan, polo menos, os datos necesarios para cumprir a normativa comunitaria.

O Real decreto 1780/2004, do 30 de xullo, recolle as datas de comezo de entregas de produtos á transformación, sendo unha delas o 1 de abril. Entre a devandita data e o 14 de agosto, en que o transformador debe presentar a súa solicitude de autorización para participar no réxime de axudas, hai un lapso importante de tempo que pode permitir que finalice a instalación das factorías.

Para asegurar que os transformadores teñan a posibilidade de levar a cabo as operacións necesarias o 1 de abril, non é necesario que o 14 de agosto teñan dispostas para o seu funcionamento as instalacións necesarias, senón que debería admitirse que nesa data estean en condicións de dispor delas no momento da contratación, polo que parece suficiente que a autoridade competente comprobe e certifique que se dan as condicións necesarias para iso.

Co fin de lles evitar prexuízos ás organizacións de produtores contratantes con estes transformadores, para o suposto de que as súas instalacións de transformación non estivesen en condicións de recibir e transformar as cantidades contratadas, é necesario solicitar un aval que lles garanta aos produtores que non terán prexuízos pola devanditas circunstancias.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. Modificación do Real decreto 1780/2004, do 30 de xullo, sobre o desenvolvemento e seguimento das campañas de determinados cítricos enviados á transformación.

O anexo II do Real decreto 1780/2004, do 30 de xullo, sobre o desenvolvemento e seguimento das campañas de determinados cítricos enviados á transformación, queda substituído polo que figura no anexo desta orde.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta disposición dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 24 de febreiro de 2006.

ESPINOSA MANGANA

ANEXO

"ANEXO II

CERTIFICACIÓN SOBRE A CAPACIDADE DE TRANSFORMACIÓN

D./D.^a
 en calidade de director/a (1)

CERTIFICA

- **Opción 1. INSTALACIÓNS EN FUNCIONAMENTO EN 14 DE AGOSTO DE** (indicar ano)

Que persoal técnico desta unidade compareceu na factoría da empresa,
 sita en r/, localidade,
 provincia, e comprobou a existencia de liñas de industrialización de cítricos coas capacidades horarias industriais
 de transformación que a continuación se especifican:

ZUMES	EXTRACCIÓN		PASTEURIZACIÓN (kg/h)	CONCENTRACIÓN	
	Froito fresco (kg/h)	Zume (° Brix)		(kg/h)	(° Brix)
Laranxas doces Mandarinas Clementinas Limóns Toranxas e pomelos					

GALLO	TRANSFORMACIÓN (kg/h) de froito fresco
Clementinas Satsumas	

- **Opción 2. INSTALACIÓNS EN FUNCIONAMENTO CON POSTERIORIDADE AO 14 DE AGOSTO DE** (indicar ano)

1. Que persoal técnico desta unidade compareceu na sede social da empresa,
 sita en r/, localidade de, provincia de,
 e dispuxo un proxecto de industria transformadora de cítricos, coas capacidades horarias industriais de transformación que a continuación se
 especifican:

ZUMES	EXTRACCIÓN		PASTEURIZACIÓN (kg/h)	CONCENTRACIÓN	
	Froito fresco (kg/h)	Zume (° Brix)		(kg/h)	(° Brix)
Laranxas doces Mandarinas Clementinas Limóns Toranxas e pomelos					

GALLO	TRANSFORMACIÓN (kg/h) de froito fresco
Clementinas Satsumas	

2. Que D./D.^a, que actúa en calidade de,
 da empresa, con poder abondo segundo acredita e manifesta que está en vigor, declarou:
 - a) Que o devandito proxecto se está a executar en, da localidade,
 provincia de
 - b) Que se prevé que a fábrica estará proximamente en funcionamento para realizar a transformación na campaña daquelas
 cantidades de cítricos para as cales adquire o compromiso de recibir e transformar, de acordo co estipulado no Regulamento (CE) nº
 2111/2003, da Comisión.
 - c) Que a empresa á cal representa se compromete, en calidade de "comprador" no contrato de compravenda de cítricos para a súa
 transformación, a garantir cun aval bancario o importe resultante das cantidades contratadas polo prezo convido e a axuda comunitaria, por
 concepto de compensación ao vendedor dos danos e perdas ocasionados no suposto de que a fábrica non se encontre operativa polo menos
 dez días antes do inicio das operacións de entrega e transformación acordadas nos contratos de compravenda.
 É o que certifica en o de de 20....."

(1) Nome da unidade administrativa provincial